ESTACIÓN CENTRAL

Youssef Chahine, 1958

1870

ESTREA EN NUMAX: 01.12.2026 | V.O.S.E. | 77 min

Qinawi é un home cunha parálise parcial nunha perna, de humilde orixe rural, que malvive na estación central do Cairo vendendo xornais. Sexualmente frustrado, persegue lascivamente as mulleres, en particular a Hanuma, líder dunha banda de mozas que se coan nos trens e venden bebidas ilegalmente. Á súa vez, ela está prometida a Abu Siri, un respectado mozo de carga que tenta organizar un sindicato para librarse dos abusos dos seus xefes mafiosos. A frustración de Qinawi irá en aumento, até cometer un acto atroz que porá todo patas arriba.

«Unha proposta tremendamente eficaz que che fai preguntarte onde estivo esta película durante toda a nosa vida»
Trevor Johnston, TIME OUT

Título orixinal: Bab el-Hadid
Ano: 1958
Duración: 77 minutos
Idioma orixinal: Árabe
Dirección: Youssef Chahine
Guión: Abd El Hay Adib
Elenco: Farid Shawki, Hind Rostom, Youssef Chahine, Hassan El Baroudi, Abdel Aziz Khalil, Neama Was
Montaxe: Kamal Abou Al Ela
Son: Aziz Fadel
Música: Fouad Al Zahry
Fotografía: Alvise Orfanelli
Produtora: Nile Cinema Company (Exipto)
Distribuidora: Lost&Found Films

PREMIOS E FESTIVAIS
Berlinale 1958 (Sección Oficial)



ESTACIÓN CENTRAL

Youssef Chahine, 1958

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Entrevista con Youssef Chahine: «En 'Estación Central' eu tiña ganas de berrar, de pregoar a miña dor»

Por Alberto Elena

A que medio social pertencía vostede? Á pequena burguesía. O meu pai era un avogado de orixe libanesa, un home escrupuloso e honrado ata a simpleza que me influíu moito.

Era vostede musulmán? Non, son —mellor dito, era— católico, como a miña familia. En Exipto sempre houbo unha extraordinaria tolerancia. No colexio eu tiña compañeiros musulmáns, cristiáns, xudeus... Todos eramos exipcios. Adóitase dicir que en Alexandría a tolerancia, particularmente a tolerancia relixiosa, é como unha segunda natureza. Aínda que, en realidade, non se trata de 'tolerancia' do outro. No fondo detesto a palabra 'tolerancia'. Paréceme un pouco estúpida. Sempre se tolera desde arriba ... E non, o que importa verdadeiramente é a comprensión do outro.

Cal foi a súa formación cinematográfica? Meu pai quería que fose enxeñeiro porque el, que viña dunha familia pobre, non tivera esa opción. Entrei entón na Universidade e a verdade é que durante o meu primeiro ano non fun un estudante demasiado brillante. En realidade, no canto de estudar dedicábame a montar espectáculos, shows: xa durante os anos de Secundaria era o teatro, e Shakespeare en particular, o que verdadeiramente me atraía. Meus pais non tardaron en decatarse de que esa era a miña auténtica vocación e mandáronme á Pasadena Playhouse [California], onde estudei cinema. Esa foi para min unha época marabillosa.

Por que elixiu os Estados Unidos? Podería dicir que por casualidade, simplemente porque me gustaban moito as películas musicais americanas e estaba profundamente impresionado por elas. E tamén talvez porque Pasadena estaba preto de Hollywood. O que necesitaba era aprender a linguaxe do cinema, a técnica da linguaxe cinematográfica. E a longo prazo creo que a adquirín.

Dis que realizaches *Estación central* sen unha idea específica sobre a sociedade exipcia. Como puido ser? Do mesmo xeito que facía todas as demais. N'*O fillo do Nilo*, por exemplo, o elemento de base era ese impulso irresistible de viaxar que eu sentía. En 1952 esa historia do mozo namorado da moza rica, eu xa a vivira... Eu formaba sempre parte dalgún modo desas películas, pero aínda non me daba conta do lugar que esa implicación podía ter nos relatos: simplemente gustábanme as historias.

E entón o 'social' de todas estas películas, de onde procede? Do que eu coñecía..., do que vivira. Eu comprendía a relación entre as persoas. É o que eu intentaba comprender, posto que sufría ao non poder estar coa xente á que quería. Debía reprimir os meus desexos, non pensar sequera neles. Digamos que eu non comprendía os grandes movementos sociais, pero os da alma si que os coñecía moi ben. E a esa idade téñense máis ganas de facer o amor que de converterse nun xenio.

E que ten que ver *Estación Central* con todo iso? O desexo... A frustración... Esas cousas preocupábanme moito naquela época. Eu tiña ganas de rodar unha película na rúa, unha película sucia, sobre xente á que comprendese mellor que a aquela que retratara n'*O fillo do Nilo*, que tiña un aspecto demasiado limpo. Abdelhay Adib forneceu a trama policíaca da película e eu acheguei todo o demais. Todas esas historias de amor e de desexo son miñas. Existe unha gran diferenza entre o argumento de partida e o que eu quería dicir. Gústame que a xente saia do cine e diga: a historia é isto e o outro... Pero esta película conta moitas outras cousas. En E*stación Central* eu tiña ganas de berrar, de pregoar a miña dor.

Publicado en lostandfoundfilms.com